



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN
DATA 7 DE MAIO DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D^a. M^a Jesús Vale López , D^a. Cándida Méndez Salgado, , D. Celestino Valentín García Paz, , D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D^a. M^a del Carmen Gueimunde González

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día sete de maio de dous mil quince, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia D^a. M^a del Carmen Gueimunde González

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das mesmas, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado das Resolucións dictadas pola Alcaldía.



2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCIZO 2014.

A Sra. Alcaldesa dá conta da referida Resolución dictada pola Alcaldía, a cal estivo á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda darse por informado da referida Resolución dictada pola Alcaldía.

3.- SUBSCRICIÓN DO CONVENIO PROPOSTO POLA COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DENTRO DO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO DAS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE PARA OS ALUMNOS DE BACHARELATO QUE CURSAN ESTUDOS EN CENTROS SITUADOS NA MARIÑA LUCENSE DURANTE AS CONVOCATORIAS DE XUÑO E DE SETEMBRO DO ANO 2015.

Vista a proposta emitida pola Sra. Alcaldía en orde a acordar a subscrición do convenio proposto pola Comisión Interuniversitaria de Galicia para a celebración dentro do termo municipal de Viveiro das probas de acceso á Universidade para os alumnos de Bacharelato que cursan estudos en centros situados na Mariña Lucense durante as convocatorias de xuño e de setembro do ano 2015.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este asunto foi dictaminado favorablemente, por unanimidade, na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Por parte da Sra. Alcaldesa procédese á apertura do debate non participando ningún grupo, a excepción do i.V.i., no que intervén D. Jesús Fernández Fernández, para dicir que saíu na prensa que algún concello non liquidou aínda os anos que tiña pendentes, polo que considera que se lles debe pedir que o liquiden e senón que fagan as probas de selectividade noutro sitio.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que respecto ó ano 2014 aínda non se lles requeriu, e engade que algúns concellos van pagando pouco a pouco, e outros como Ortigueira non contestan.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.-Acordar a subscrición do convenio proposto pola Comisión Interuniversitaria de Galicia para a celebración dentro do termo municipal de Viveiro das probas de acceso á Universidade para os alumnos de Bacharelato que cursan estudos en centros situados na Mariña Lucense durante as convocatorias de xuño e de setembro do ano 2015.



4.- ORDENANZA REGULADORA DOS ACTOS DE BENVIDA SOCIAL NO CONCELLO DE VIVEIRO.

Vista a proposta da Alcaldía para a aprobación da ordenanza municipal reguladora dos actos de Benvida Social no Concello de Viveiro.

Resultando que a proposta da Alcaldía de aprobación provisional da referida ordenanza municipal foi dictaminada favorablemente, por unanimidade, na Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a aprobación inicial da Ordenanza reguladora dos actos de Benvida Social no Concello de Viveiro elaborada neste Concello, xunto cos modelos de solicitude de celebración de cerimonia e acta de celebración, así como a creación dun Rexistro creado ós efectos.

Segundo.- Proceder, de acordo co disposto no artigo 49 da LBRL, á publicación de anuncio de información pública no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- As reclamacións e suxestións presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxestións elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

Cuarto.- Unha vez, publicado o texto íntegro da presente ordenanza reguladora, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

5.- SOLICITUDE Á TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DE AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE DATOS.

Vista a proposta de Alcaldía de acordar a solicitude de autorización para a posibilidade de solicitar información de cesión de datos ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente, por unanimidade, pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Non existindo debate sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a solicitude de autorización para a posibilidade de solicitar información de cesión de datos ante a Tesourería Xeral da Seguridade Social.



6.- SOLICITUDE DE DICTAME Ó CONSELLO CONSULTIVO NO PROCEDIMENTO DE REVISIÓN DE OFICIO INCOADO MEDIANTE ACORDO PLENARIO DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2014 (E RELACIÓN COA EMPRESA VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U.)

Visto que na sesión celebrada polo Pleno da Corporación en data 27 de novembro de 2014 se acordou a incoación de expediente de revisión de oficio dos seguintes actos:

- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIVEIRO, DE DATA 01/10/2009, MEDIANTE O QUE SE OUTORGOU LICENZA DE OBRA MAIOR Á MERCANTIL VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. PARA A AMPLIACIÓN DA PLANTA PARA ENSAMBLAXE DE AEROXERADORES NO LUGAR DE CALVOSO SEGUNDO O PROXECTO BÁSICO ELABORADO POLO ENXEÑEIRO INDUSTRIAL D. JOSÉ MANUEL VILLAR ESMORÍS.
- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30/06/2010, MEDIANTE O QUE SE AUTORIZOU A VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. PARA O INICIO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN AMPARADAS NA LICENZA REFERIDA NO PARÁGRAFO ANTERIOR.
- ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 04/06/2013, MEDIANTE O QUE SE AUTORIZOU A VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. A AMPLIACIÓN DA LICENZA DE ACTIVIDADE OUTORGADA MEDIANTE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 19/01/2000, PARA ENSAMBLAXE DE AEROXERADOS NO LUGAR DE CALVOSO, CHAVÍN.

Resultando que tramitado o referido expediente, por parte do instructor do procedemento se remitiu proposta de resolución a este Concello.

Resultando que, unha vez recibida a proposta de resolución do instructuro, por parte da Alcaldía se emitiu proposta de acordo ó Pleno da Corporación, que literalmente di:

“MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO,

Vista a proposta emitida polo instructor do procedemento de revisión de oficio, incoado polo Pleno da Corporación en data 27 de novembro de 2014, que literalmente di:

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PROCEDIMENTO: REVISIÓN DE OFICIO

ACTOS AFECTADOS.

1.ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIVEIRO, DE DATA 01/10/2009, MEDIANTE O QUE SE OUTORGOU LICENZA DE OBRA MAIOR Á MERCANTIL VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. PARA A AMPLIACIÓN DA PLANTA



PARA ENSAMBLAXE DE AEROXERADORES NO LUGAR DE CALVOSO SEGUNDO O PROXECTO BÁSICO ELABORADO POLO ENXEÑEIRO INDUSTRIAL D. JOSÉ MANUEL VILLAR ESMORÍS.

2. ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 30/06/2010, MEDIANTE O QUE SE AUTORIZOU A VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. PARA O INICIO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN AMPARADAS NA LICENZA REFERIDA NO PARÁGRAFO ANTERIOR.

3. ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 04/06/2013, MEDIANTE O QUE SE AUTORIZOU A VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. A AMPLIACIÓN DA LICENZA DE ACTIVIDADE OUTORGADA MEDIANTE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 19/01/2000, PARA ENSAMBLAXE DE AEROXERADOS NO LUGAR DE CALVOSO, CHAVÍN.

*Por acordo do pleno do Concello de Viveiro do 8 de xaneiro de 2015 noméase instructor do procedemento de revisión de oficio que se tramita a **solicitud** da **AXENCIA GALEGA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBNÍSTICA**(en diante APLU) e **D. FERNANDO AGUIRRE VIGO**.*

Instruído o procedemento, e logo do preceptivo trámite de audiencia e vista do mesmo, procede formular a correspondente proposta de resolución, con base nos seguintes

ANTECEDENTES

Primeiro. O Pleno do Concello en sesión do 27 de novembro de 2014, adoptou o acorda que, na súa parte dispositiva, literalmente di:

“1º.- Incoar expediente de revisión de oficio dos seguintes actos:

- Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro, de data 01/10/2009, mediante o que se outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmorís.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/06/2010, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no parágrafo anterior.

- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 04/06/2013, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19/01/2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín.

2º.- Dar traslado do presente acordo de incoación do procedemento de revisión de oficio á Deputación Provincial de Lugo, para o nomeamento de instructor do procedemento.

3º.- Notificar o presente acordo a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. e a D. Fernando Aguirre Vigo, como interesados no procedemento, informándolles que, sen prexuízo do trámite de audiencia establecido no artigo 84 da LRPAC, poderán, en calquera momento do procedemento anterior a dito trámite, presentar alegacións segundo o disposto no artigo 79 da LRPAC.



4º.- *Informar ós interesados, segundo o disposto no artigo 42.4 da LRXPAC, que o prazo máximo para a resolución e notificación deste procedemento, en virtude do artigo 102 da LRXPAC é de tres meses. O silencio administrativo nos procedementos de revisión de oficio ten efecto desestimatorio.*

5º.- *Notificar o presente acordo á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística segundo o disposto no artigo 92.5 da LOUGA.*

6º.- *Acordar, en virtude do artigo 42.5 da LRXPAC, a suspensión do prazo máximo de tres meses para resolver o presente procedemento, polo tempo que medie entre a petición do informe preceptivo e vinculante ó Consello Consultivo de Galicia e a recepción de dito informe, debendo comunicarse a petición e recepción ós interesados. Este prazo de suspensión non poderá exceder en ningún caso de tres meses.”*

Segundo. *Con data 1 de outubro de 2009, a Xunta de Goberno Local outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial D. José Manuel Villar Esmoris.*

Na certificación do referido acordo consta que no expediente figuraban informes técnicos e xurídicos negativos, arguméntandose polo señor Alcalde que, en 1999 a Xunta de Galicia concedera autorización para o uso industrial dos terreos nos que se construíron, con licenza municipal concedida pola Xunta de Goberno en sesión do 27 de abril de 2000, as instalacións de NEG MICON EÓLICA S.A. (agora VESTAS NACELLES SPAIN SAU), instalacións que agora preténdense ampliar.

O solo no que se proxecta a ampliación está clasificado, segundo se fai constar no acordo da Xunta de Goberno Local, como Solo Urbanizable non delimitado de uso industrial do ámbito do parque Empresarial de Chavín, de conformidade co establecido polo Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal de Viveiro e apróbase a ordenación urbanística provisional, sendo a superficie da parcela de 27.742 metros cadrados.

Terceiro. *Con data 30 de xuño de 2010, a Xunta de Goberno Local autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no punto primeiro, logo da presentación do correspondente proxecto técnico de execución.*

Cuarto. *En data 4 de xuño de 2013, previa a tramitación ambiental preceptiva, a Xunta de Goberno Local autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da Alcaldía do 19 de xaneiro 2000, para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso-Chavín. Consta informe técnico favorable de data 19 de outubro de 2012, así como informe xurídico e proposta de resolución de data 30 de maio de 2013, favorable á concesión da licenza de actividade de acordo coa documentación técnica obrante no expediente e coas medidas correctoras contidas no Ditame de Incidencia Ambiental emitido polo Xefe Territorial da CMATI de Lugo con data 13 de maio de 2013.*

Quinto. *En data 22 de abril de 2014, número de rexistro no xeral de entrada 2.695 a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) solicita a revisión de oficio dos acordos de Xunta de Goberno sinalados no antecedente de feito primeiro.*

Sexto. *En data 2 de maio de 2014 (nº de rexistro 3.037) D. Fernando Aguirre Vigo solicita a revisión de oficio dos actos firmes ditados polo Concello de Viveiro con data 1 de outubro de 2009 e 30 de xuño de 2010, é dicir, os actos administrativos polos que se concede licenza de obras e licenza de actividade, respectivamente, para a ampliación das instalacións.*



Sétimo. *Por Dilixencias deste instrutor de data 9 de xaneiro de 2015, incorpóranse ao procedemento os seguintes documentos:*

a. Certificacións expedidas por secretaria comprensivas dos actos administrativos obxecto do procedemento de revisión de oficio e anteriormente referenciados.

b. Copia cotexada dos informes xurídicos existentes nos procedementos en que recaeron os actos administrativos obxecto de revisión de oficio.

c. Copia cotexada dos informes técnicos existentes nos procedementos en que recaeron os actos administrativos obxecto de revisión de oficio.

d. Copia cotexada das resolucións recaídas e, no seu caso, dos informes ambientais emitidos no procedemento de concesión da licenza de ampliación da actividade.

e. certificación urbanística da clasificación e, no seu caso, cualificación dos terreos nos que se ubica a ampliación autorizada.

f. Copia cotexada do informe-requirimento, e de existir, de todos os informes emitidos pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

g. Copia cotexada das denuncias de particulares.

h. Informe comprensivo das actuacións que consten no Concello en relación coas Dilixencias Previas que se tramitan polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción N° 2 de Viveiro. Número 839/2013.

h. Informe comprensivo das actuacións que consten no Concello en relación ao Procedemento contencioso-administrativo 261/2013-C, que se sigue no xulgado desa orde xurisdiccional num. 2 de Lugo, así como de calquera outro procedemento xurisdiccional que afecte aos actos administrativos obxecto deste procedemento revisor, achegando copia dos escritos de interposición do recurso e, no seu caso, alegacións, escritos de demanda e contestación.

i. Informe xurídico en relación a existencia ou non da cuestión de prexudicialidade penal en relación coas Dilixencias Previas que se tramitan polo Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción N° 2 de Viveiro. Número 839/2013.

xe. Informe xurídico en relación a existencia ou non de litispendencia derivada do recurso contencioso-administrativo 261/2013-C, que se sigue no xulgado desa orde xurisdiccional num. 2 de Lugo e, no seu caso, de calquera outro recurso interposto contra os actos obxecto de revisión de oficio na orde xurisdiccional contencioso administrativa.

k. Informe da Secretaria municipal sobre o procedemento de revisión comezado e no que se valore a existencia das causas de nulidade de pleno dereito que se invocan no acordo plenario de incoación

Oitavo. *No trámite de audiencia comparecen:*



D.FERNANDO AGUIRRE VIGO, formulando alegacións nas que, en resumo, manifesta "...que non se entende como o Concello de Viveiro no acordo de incoación da revisión de oficio duns actos aparentemente nulos de pleno dereito sen que acorde a suspensión da eficacia dos mesmos tal e como prevé o artigo 104 da LRPAC....; solicitando a suspensión da eficacia dos actos obxecto da revisión de oficio e que se ordene a clausura das instalacións ampliadas ata a resolución do expediente de revisión de oficio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- EN RELACIÓN Á CUESTIÓN DA PREXUDICIALIDADE PENAL

Antes adentrarnos na cuestión de fondo debemos desbotar a existencia de cuestións de orden procesual que, de apreciarse a súa existencia, implicaría a imposibilidade de continuar co procedemento de revisión de oficio. Cuestións que son a da prexudicialidade penal e a da litispendencia.

En relación coa existencia ou non de cuestións prexudiciais penais, consta no expediente amplo e fundamentado informe emitido polo letrado da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial de Lugo D. Valentín Lago González, cuos fundamentos xurídicos e conclusións asumimos íntegramente e de seguido transcribimos:

"Cómpre partir, como non podía ser doutro xeito, da análise das cuestións prexudiciais penais, do seu fundamento, da súa regulación tanto na LOPX como na LACrim, para descender logo ao suposto obxecto do presente informe.

A Doutrina (FENECH NAVARRO, GIMENO SENDRA, DE LA OLIVA SANTOS, SENES MOTILLA) ten ofrecido múltiples conceptos das cuestións prexudiciais, pero quizais o concepto que mellor se acomoda para despexar a escuridade que en non poucas ocasións preside o seu tratamento doutrinal e xurisprudencia é o acuñado por GÓMEZ ORBANEJA:

"Dáse a prexudicialidade penal cando a resolución dunha cesión de dereito privado (civil ou mercantil) ou público (constitucional, internacional, administrativo, exerce influencia sobre a decisión dunha cuestión penal ou a inversa)."

As cuestións prexudiciais son, pois, controvertidas ou conflitivas, e cuxa resolución constitúese en presuposto do contido mesmo da Sentenza de fondo, do si do delito ou da pena en palabras de CARNELUTTI.

No estudo do fundamento das cuestións prexudiciais, cabe apreciar dúas posicións complementarias:

Fundamento inmediato.- A posición do TS (S. de 20 de novembro de 2000) que deu lugar á construción da denominada doutrina da "litispendencia impropia", que aprecia o fundamento inmediato das cuestións prexudiciais na prevención dos efectos prexudiciais da cousa xulgada.

Fundamento último. Posto de manifesto por GIMENO SENDRA, que sinala o fundamento das cuestións prexudiciais, acorde co principio de seguridade xurídica, de evitar sentenzas contraditorias, e así é posto de manifesto polo TC na Sentenza 190/1999, de 25 de outubro.

A regulación das cuestións prexudiciais atopámola na LOPX artigo 10 e na LACrim artigos 3 a 7.

LOPX artigo 10



.1. Para os sós efectos pre-xudiciais, cada orde xurisdiccional poderá coñecer de asuntos que non lle estean atribuídos privativamente.

2. Emporiso, a existencia dunha cuestión pre-xudicial penal de que non se poida prescindir para a debida decisión ou que condicione directamente o contido desta, determinará a suspensión do procedemento, mentres aquela non sexa resolta polos órganos penais a que corresponda, salvo as excepcións que a lei estableza.

Cómpre sinalar que no parágrafo 1 do artigo 10 e de conformidade co principio de cooperación xurisdiccional acóllese o criterio xeral da non devolutividade como forma de resolución das cuestións prexudiciais, é dicir, suscitada unha cuestión prexudicial non penal corresponde necesariamente ao órgano xudicial que estea coñecendo da cuestión principal a competencia para resolvela.

No parágrafo 2 incorpórase a excepción á regra xeral ao dispoñer o criterio da devolutividade en orde a solucionar exclusivamente as cuestións prexudiciais penais. Como se pode advertir esta opción provocou, en non poucos casos, decisións contraditorias, polo que para evitalo o TC (SS. 30/1986 de 26 de febreiro; 50/1996, de 26 de marzo) concluíu que, nalgúns casos, se teña que optar, prescindindo do réxime non devolutivo na resolución das cuestións prexudiciais, pola prexudicialidade devolutiva

L E Crim artigos 3 a 7.

Cuestións prexudiciais

Artigo 3. °

Por regra xeral, a competencia dos Tribunais encargados da xustiza penal esténdese a resolver, para só o efecto da represión, as cuestións civís e administrativas prexudiciais propostas con motivo dos feitos perseguidos, cando tales cuestións aparezan tan intimamente ligadas ao feito punible que sexa racionalmente imposible a súa separación.

Artigo 4. °

Non obstante, se a cuestión prexudicial fose determinante da culpabilidade ou da inocencia, o Tribunal do criminal suspenderá o procedemento ata a resolución daquela por quen corresponda; pero pode fixar un prazo, que non exceda de dous meses, para que as partes acudan ao Xuíz ou Tribunal civil ou contencioso-administrativo competente.

Pasado o prazo sen que o interesado acredite utilízalo, o Secretario xudicial, mediante dilixencia, alzará a suspensión e continuará o procedemento.

Nestes xuízos será parte o Ministerio Fiscal.

Modifícase o parágrafo segundo polo art. 2.1 da Lei 13/2009, do 3 de novembro.

Artigo 5. °



Non obstante o disposto nos dous artigos anteriores, as cuestións civís prexudiciais, referentes á validez dun matrimonio ou á supresión de estado civil, deferiranse sempre ao Xuíz ou Tribunal que deba entender destas, e a súa decisión servirá de base á do Tribunal do criminal.

Artigo 6.º

Se a cuestión civil prexudicial se refire ao dereito de propiedade sobre un inmovible ou a outro dereito real, o Tribunal do criminal poderá resolver acerca dela cando tales dereitos aparezan fundados nun título auténtico ou en actos indubidables de posesión.

Artigo 7.º

O Tribunal do criminal temperarase, respectivamente, ás regras do Dereito civil ou administrativo, nas cuestións prexudiciais que, conforme aos arts. anteriores, deba resolver.

A LACrim, pretendeu poñer coto ao desmedido e contrario arbitrio da Xurisprudencia, contemplando no seus artigos 3 a 7, a regulación das cuestións prexudiciais ante a constatación de que a Lei Penal establece, en ocasións, como elementos dos que depende a responsabilidade penal, non só feitos simples, se non tamén conceptos valorativos e conceptos xurídicos, e incluso, relacións xurídicas non sometidas ao Dereito Penal.

A Doutrina maioritaria, cito entre outros a ALMAGRO NOSETE, DE LA OLIVA SANTOS, SENÉS MONTILLA, cuestiona a vixencia da regulación das cuestións prexudiciais nos artigos 3 a 7 da LACrim, pola súa difícil conciliación co disposto no artigo 10 LOPX. De tal xeito que se non se entende que o verbo PODERÁ utilizado no artigo 10.1 LOPX, quere dicir, en realidade DEBERÁ, estaríase ante unha especie de facultativa prexudicialidade non devolutiva, imposible de harmonizar co réxime previsto na LACrim, polo que sendo moi dubidosa que esta fora a vontade do lexislador, cabería soste que os preceptos procesuais penais foron tacitamente derogados.

O Tribunal Supremo (S.S. de 23 de novembro de 1998, 6 e 14 de novembro de 2000, 29 de outubro de 2001 e 21 de decembro de 2001) sostén a derogación das cuestións prexudiciais devolutivas, contempladas no artigo 4 LACrim, coa excepción dos supostos nos que a cuestión prexudicial teña natureza penal. A doutrina maioritaria entende que a derogación tácita aludida, expresada polo Tribunal Supremo, parece a máis congruente coa natureza dos tipos delitivos propios do dereito penal actual, no que a ampliación da tutela penal a un espectro máis amplo dos bens xurídicos de esencial relevancia social impón, unha configuración dos tipos chea de elementos normativos extrapenais (delitos ambientais, urbanísticos, fiscais.. etc).

-III-

Unha vez feita a análise das cuestións prexudiciais penais, tanto no que atinxe ao seu fundamento, como a súa regulación tanto na LOPX como na LACrim, cómpre agora preguntarse pola relación entre o procedemento de revisión de oficio pola presunta nulidade de pleno dereito e a denuncia penal presentada por parte da Fiscalía Provincial de Lugo.

O Tribunal Supremo ten establecido en relación ás condutas descritas no artigo 320.2 do Código Penal que o dereito penal exclusivamente sanciona as infraccións administrativas máis graves:



“... Con el castigo de este delito no se trata de sustituir a la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, en su labor de control de la legalidad de la actuación de la Administración Pública, sino de sancionar los supuestos límite de acuerdo con el principio de intervención mínima, en los que la actuación administrativa no sólo es ilegal, sino además injusta y arbitraria” STS 363/06, de 28 de marzo.

“Pero no es suficiente la mera ilegalidad, la mera contradicción con el Derecho, pues ello supondría anular en la práctica la intervención de control de los Tribunales del orden Contencioso-Administrativo, ampliando desmesuradamente el ámbito de actuación del Derecho Penal, que perdería su carácter de última "ratio". El principio de intervención mínima implica que la sanción penal sólo deberá utilizarse para resolver conflictos cuando sea imprescindible. Uno de los supuestos de máxima expresión aparece cuando se trata de conductas, como las realizadas en el ámbito administrativo, para las que el ordenamiento ya tiene prevista una adecuada reacción orientada a mantener la legalidad y el respeto a los derechos de los ciudadanos. El Derecho Penal solamente se ocupará de la sanción a los ataques más graves a la legalidad, constituidos por aquellas conductas que superan la mera contradicción con el Derecho para suponer un ataque consciente y grave a los intereses que precisamente las normas infringidas pretenden proteger.”

*Na mesma Sentenza 363/06, de 28 de marzo o Tribunal Supremo **distingue entre as ilegalidades administrativas, incluso as máis graves como para provocar a nulidade de pleno dereito e as que transcendendo o ámbito administrativo, supoñen a comisión dun ilícito penal. Chegando a afirmar que en ningún caso se pode identificar nulidade de pleno dereito con prevaricación** do artigo 320.2.*

Esta conclusión a que chega o Tribunal Supremo, ten perfecto encaixe na dogmática penal do artigo 320 do CP:

Nos delitos urbanísticos non se tutela a normativa urbanística, se non o valor material da ordenación do territorio, no seu sentido constitucional de “utilización racional do so orientada aos intereses xerais. (Art. 45 e 47 CE), así o Tribunal Supremo define perfectamente cal é o BEN XURÍDICO PROTEXIDO:

*“...Por ello el bien jurídico protegido en los delitos de urbanismo es la utilización racional del medio como recurso natural limitado y la ordenación de su uso al interés general. De ahí que la [STS 363/2006 de 28 de marzo \(RJ 2007, 1848\)](#) , precise que el epígrafe del capítulo, en el que se contiene el delito que analizamos, identifica el bien jurídico protegido por el mismo: la ordenación del territorio, **pero no exclusivamente la "normativa" sobre la ordenación del territorio** en la medida en que la propia actuación sancionadora de la administración ha resultado ineficaz al no haber podido asegurar la vigencia del ordenamiento en esta materia, ha llevado al legislador a la creación de estos tipos penales que se contraen básicamente al castigo de las edificaciones sin licencia en el art. 319 y a la prevaricación administrativa, en el art. 320, sino que así como en el delito ecológico (art. 325) no se tutela la normativa ambiental, sino el medio ambiente, en el delito "urbanístico" no se tutela la normativa urbanística -un valor formal o meramente instrumental- sino el valor material en la ordenación del territorio, en su sentido constitucional de "utilización racional del medio orientada a los intereses generales" (arts. 45 y 47 CE), es decir de utilización racional como recurso natural limitado y la adecuación de su uso al interés general. **Se trata así de un bien jurídico comunitario de los denominados "intereses difusos", pues no tiene un titular concreto, sino que su lesión perjudica - en mayor o menor medida - a toda una***



colectividad. Su protección - entiende la doctrina más autorizada- se inscribe en el fenómeno general de incorporación a la protección penal de intereses supraindividuales o colectivos y que obedece a la exigencia de la intervención de los Poderes públicos para tutelar estos intereses sociales, en congruencia con los principios rectores del Estado Social democrático de derecho que consagra nuestra Constitución...”

Sentado o anterior, debemos agora descender algo máis e abordar como foron resoltas estas cuestións cando se abordaron en Sede Xudicial ou mesmo cando se tivo que emitir ditames polos órganos consultivos, e xa adiantamos que se nega que exista prexudicialidade penal, e se resolve tamén entendendo que non é necesario suspender o proceso de revisión de oficio por nulidade de pleno dereito:

Unha cuestión análoga á presente foi resolta pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª na Sentenza Núm. 602/2008 de 11 de setembro de 2008:

O suposto resolto partía dos seguintes antecedentes de feito:

*“Primeiro.- O Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, ditou Sentenza con data 17 de abril de 2006, no procedemento seguido co número 266/2005 coa seguinte parte dispositiva: “FALLO: que ESTIMO PARCIALMENTE o recurso Contencioso-Administrativo interposto polo Letrado da Xunta de Galicia, en nome e representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas, contra a desestimación por silencio administrativo por parte do Concello de Palas de Rei do requirimento efectuado pola Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda, de 3 de febreiro de 2004, para que proceda de oficio, de conformidade co procedemento previsto no artigo 102 da Lei 30/1992, á revisión da licenza outorgada á entidade Inversiones Terra da Ulloa, S.L., en data 23 de marzo de 2004, para a realización de obras maiores de construción dun albergue de tres estrelas na localidade das Lagartas, no Concello de Palas de Rei, por ser o seu contido nulo de pleno dereito, ANULO o dito acto e **CONDENO ao Concello a iniciar inmediatamente o procedemento de revisión de oficio, CONTINUÁNDOO ATA A SÚA TERMINACIÓN SEN CONDICIONAR TAL ACTUACIÓN Á FINALIZACIÓN DAS DILIXENCIAS PREVIAS P.A. 54/05 DO XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 1 DE CHANTADA; E DESESTIMO O RESTO DAS SÚAS PRETENSÍONS.**”*

(...)

Terceiro.- O Concello demandado presentou recurso de apelación contra a Sentenza, en tanto ordena a iniciación do procedemento de revisión da licenza sen condicionar tal actuación ao actuado na vía penal ante o Xulgado de Instrución de Chantada polos Presuntos delitos de falsidade, prevaricación e tráfico de influencias, aspectos que entende aínda que NON EXISTA PREXUDICIALIDADE si ten un carácter preferente, recoñecida á Xurisdición Penal, polo que en evitación de eventuais pronunciamentos contraditorios na xurisdición penal e contencioso-administrativa se adoptou polo concello a decisión de esperar á terminación das dilixencias penais.”

A resposta da Sala do Contencioso, non deixa lugar a ningunha interpretación ao entender que non existe prexudicialidade coa vía penal, e debe o concello continuar coa tramitación do expediente de revisión da Licenza outorgada, así se sinala no Fundamento de Dereito Cuarto da devandita Sentenza:



*“Cuarto.- Polo que respecta ao recurso de apelación interposto polo Concello de Palas de Rei, o mesmo non pode ter favorable acollida, porque con independencia da preferencia que no ámbito xurisdiccional se vén recoñecendo á orde penal, a mesma non é trasladable, agás nos casos de expedientes sancionadores que se sigan en mérito a uns mesmos feitos, ao administrativo. Por outra parte, no presente caso, a revisión instada pola Administración Autonómica fundaméntase nunha consideración xurídica que **merece un tratamento alleo e independente dos delitos que motivaron a querela da Fiscalía, como resulta da súa lectura, aínda que se refiren á mesma licenza, polo que, en definitiva, resulta irrelevante para os efectos do expediente que debeu incoarse que, no seu día, os órganos da xurisdición penal poidan ou non decretar a nulidade da licenza, o que farían en todo caso, en méritos a consideracións totalmente distintas ás que determinan a necesidade do seguimento do procedemento de revisión, polo que se impón a íntegra desestimación deste recurso de apelación”.***

A mesma resposta atopámola no ditame 209/2013 emitido polo Consello Consultivo de Canarias (Sección Segunda) nun suposto tamén de revisión de oficio dunha licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local do Concello de El Tanque, así no apartado H do apartado 1º da Consideración III cando se sinala:

*“...H.- Por lo que respecta a la denuncia efectuada por la Fiscalía de Santa Cruz de Tenerife ante el Juzgado de Instrucción Decano de Icod los Vinos, a la que antes se hizo mención, debe señalarse que el enjuiciamiento penal de la conducta denunciada no tiene por qué interferir en la reposición de la legalidad administrativa, sin perjuicio de que un pronunciamiento penal firme vincularía, claro está, a la interpretación se haga de los hecho desde la perspectiva de la normativa aplicable. **A mayor abundamiento, en este caso no es imprescindible la determinación previa de la responsabilidad penal para la depuración administrativa del acto presuntamente nulo de pleno derecho, por lo que NO ES PRECISO SUSPENDER EL PROCEDIMIENTO REVISOR, de conformidad con el artículo 10.2 de la Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, del Poder Judicial, especialmente cuando el interesado en el procedimiento revisor no parece estar afectado por el asunto penal de referencia.***

Tampoco podemos olvidar la prejudicialidad contenciosa administrativa no alcanza a las cuestiones de carácter penal (art. 4.1 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa), por lo que el pronunciamiento que debemos formular respecto del procedimiento de revisión habrá de atenerse exclusivamente al parámetro de la legalidad administrativa...”

En conclusión:

*A existencia dunha denuncia penal por parte da Fiscalía e/ou de particulares ante os Xulgados de Instrución non impide que a Administración poida tramitar paralelamente un procedemento de revisión de oficio cando entenda que concorren causas de nulidade no acto referido, non existe prexudicialidade penal no presente suposto tal e como o entende a Doutrina maioritaria e tamén como se ten resolto en sede Xurisdiccional en supostos semellantes, cómpre **distinguir entre as ilegalidades administrativas, incluso as máis graves como para provocar a nulidade de pleno dereito e as que transcendendo o ámbito administrativo, supoñen a comisión dun ilícito penal, non se pode identificar nulidade de pleno dereito con prevaricación**”.*



SEGUNDA.- EN RELACIÓN A CUESTIÓN DA POSIBLE LITISPENDENCIA

A respecto consta amplo e fundamentado informe emitido polo letrado da Asesoría Xurídica da Deputación provincial, D. Antonio Otero Bouza, cuíos fundamentos xurídicos e conclusións asumimos íntegramente e de seguido transcribimos:

“Polo Concello de Viveiro se solicita informe respecto á posible litispendencia derivada do recurso contencioso-administrativo 261/2013-C e, no seu caso, de calquera outro recurso interposto na orde xurisdiccional contencioso-administrativa contra os actos obxecto de revisión de oficio.

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Unha cuestión análoga á presente xa foi analizada polo Consello Consultivo de Galicia no seu ditame nº 79/2010, de 15 de abril, no que se conclúe que non existe litispendencia nas relacións procedemento administrativo/proceso contencioso-administrativo, de xeito que a pendencia dun recurso contencioso-administrativo no que se ventile a mesma controversia, non é obstáculo para que a Administración decida incoar e resolver o procedemento de revisión de oficio previsto no artigo 102 LRPAC. As consideracións Cuarta e Quinta do devandito Ditame do Consello Consultivo son do seguinte teor literal:

"Cuarta.-

Este Consejo Consultivo, en línea con la doctrina del Consejo de Estado, venía considerando que en los procedimientos de revisión de oficio, siempre que resultase acreditado que sobre la legalidad del acto cuya revisión se pretenda se halle pendiente la resolución de un proceso ante los Tribunales de Justicia competentes, podría ser alegada y debía prosperar la excepción de litispendencia.

Esa posición de este órgano consultivo debe ser, no obstante, modificada en base a las consideraciones que siguen.

a) La litispendencia es una institución procesal propia de los procesos judiciales construida sobre la base de la existencia de dos o más litigios pendientes sobre el mismo, y su apreciación requiere de la concurrencia, en los diversos procesos instados frente a un mismo acto, de los elementos propios de la cosa juzgada: sujetos, causa petendi y petitum. Se trata, en consecuencia, de una institución extraña al procedimiento administrativo, de forma que aplicarla en este ámbito supondría situarse básicamente fuera de la institución de la litispendencia, que, como se dijo, responde a la existencia de diversos procesos judiciales, no de un proceso judicial y un procedimiento administrativo, no existiendo norma legal que establezca semejante relación de litispendencia entre la Administración y la Jurisdicción.

Por otra parte, no es a la Administración sino a la Jurisdicción a la que compete en exclusiva, en el ejercicio de la potestad que le confiere el artículo 117.3 CE, pronunciarse acerca de la efectiva concurrencia de todas y cada una de las identidades requeridas por la legalidad procesal para apreciar la existencia de litispendencia, algo que en el proceso contencioso-administrativo sólo procede declarar, en cualquier caso, en segundos o posteriores procesos y en la propia sentencia, sin anticipar ese pronunciamiento al trámite de admisión previa del recurso.

b) De la misma forma que sólo por motivos excepcionales legalmente determinados puede la Administración utilizar la vía de la revisión de oficio para dejar sin efecto sus propios

Cuarto: A ordenanza do solo rústico especialmente protexido (regulada no punto 9 do reiterado Decreto 102/2006) remite, en canto ás condicións de uso e edificación ás establecidas nos artigos 31 a 44 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas seguintes particularidades:

a) A ocupación máxima en planta das novas edificacións non poderá superar os 200 metros cadrados.

b) En todo caso, prohibense as novas edificacións destinadas a usos residenciais e industriais.

Sendo necesario solicitar a autorización autonómica previa á concesión de licenza municipal en solo rústico ou non urbanizable para a totalidade dos usos e actividades, agás os sinalados nos números 1 b), 1c) e 2i) do artigo 33 da Lei 9/2002.

De donde se conclúe que o proxecto presentado non cumpre nin a condición de ocupación máxima en planta (que pasaría dos actuais 2.451,60 metros cadrados a 6.551,60 metros cadrados) nin as condicións de uso permitidas no solo rústico (o artigo 33 da LOUGA, entre os usos e actividades posibles no solo rústico non menciona os industriais)

Vistas as normas de aplicación, formúlase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCION:

Denegar a solicitude de licenza de obras para ampliación de planta para ensamblaxe de aerogeneradores en Calvoso, parroquia de Chavín, por non cumprir as condicións específicas de uso e edificación establecidas no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, para o solo rústico especialmente protexido”.

iii. A maior abastanza, polo arquitecto municipal, con data 20 de xaneiro de 2015, emitiuse, a solicitude deste Instrutor, información urbanística en relación a clasificación do solo, conidente entodo co informado en 2009, completando aquel porimeiro informe con un paratado sobre “ Afeccións Sectorias”, nas que se informa:

- *“Parte dos terreos atópanse situados nunha franxa de 200 metros de largo dende o límite dos espazos declarados como zonas de especial protección dos valores naturais, Decreto 72/2003, calquera que sexa a clasificación so solo que lle outorguen as NNCSS P. LIC RIO LANDRO.*
- *Parte das pareclas atópanse na **área de influencia da estrada**, requiríndose autorización da administración titular da estrada, neste caso LU-161, á Xunta de Galicia....”s*
- *Parte das parcelas atópanse en **zona de policía de leitos....”.***

iv. Pois ben, estando acreditado que as obras de ampliación situanse en solo urbanizable non delimitado, é claro que o réxime xurídico do mesmo, en tanto en cuanto non se desenvolva mediante o correspondente Plan de sectorización, é o do solo rústico – artigo 21.4 da LOUGA, “No solo urbanizable non-delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan desectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico nesta lei - para abordar tal cuestión debemos preguntarnos se existe un procedemento espífico para a concesión de licenzas urbanística de ampliación de obras e instalacións en solo rústico, cando as construcións foron



executadas ao abeiro da licenza urbanística e da preceptiva autorización autonómica. Suposto de feito coincidente co obxecto do acto administrativo en cuestión.

A resposta a esta pregunta é clara, na medida en que o procedemento específico e, polo tabto idóneo e non disponible para o Concello, está expresamente previsto no dereito transitorio da LOUGA, concretamente na Disposición Transitoria Cuarta:

“DISPOSICIÓN TRANSITORIA CUARTA.- RÉXIME DE AUTORIZACIÓNS E LICENCIAS OUTORGADAS EN SOLO RÚSTICO E SOLO DE NÚCLEO RURAL.

1. As autorizacións e licencias outorgadas en solo rústico e en solo de núcleo rural antes da entrada en vigor desta lei nas que non se iniciase a edificación poderanse declarar extinguidas polo órgano que as outorgara, logo de audiencia do interesado, en canto sexan contrarias ou desconformes co novo réxime establecido nesta lei, sen prexuízo dos eventuais dereitos de indemnización que puidesen corresponder, que, se é o caso, deberán fixarse no mesmo expediente.

No suposto de que xa transcorresen os prazos para a iniciación, entenderanse automaticamente caducadas por ministerio da lei.

2.No suposto de que as obras xa estivesen iniciadas antes da entrada en vigor desta lei e resultasen incompatibles ou desconformes co novo réxime do solo rústico ou de núcleo rural, o conselleiro competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo ou o concello, poderán modificar, deixar sen efecto ou revogar, respectivamente, a autorización ou licencia, sen prexuízo dos eventuais dereitos de indemnización, que, se é o caso, deberán fixarse no mesmo expediente.

3. As construcións executadas en solo rústico ao abeiro da licenza urbanística e da preceptiva autorización autonómica poderán manter o uso autorizado, e poderán executarse nelas obras de mellora e reforma das instalacións sen incrementar a superficie edificada legalmente, aíndacando non cumpran as condicións de uso e de edificación establecidas por esta lei.

Así mesmo, logo da autorización autonómica, segundo o establecido polo artigo 41, poderán executarse obras de ampliación da superficie edificada licitamente, cumprindo os seguintes requisitos:

a) Que non se trate de terreos que deban ser incluídos no solo rústico de protección de espazos naturais, de augas, de costas ou de interese paisaxístico segundo esta lei.

b) Que cumpra as condicións de edificación establecidas polos artigos 42 e 44 desta Lei e polo planeamento urbanístico. No caso de vivendas en solo rústico, só poderán ampliarse ata un máximo do 10% da superficie edificada autorizada.

c) Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, non permitíndose ocambio de uso.

d) Que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e todas aquelas medidas, condicións ou limitacións tendentes a conseguir a menor ocupación territorial e a mellor protección da paisaxe, dos recursos produtivos e do medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e da singularidade e tipoloxía arquitectónica da zona”

v. Consecuentemente, entendemos que o acto administrativo polo que se concedou licenza urbanística de ampliación de data 1 de outubro de 2009, é nulo de pleno dereito ao ser ditado prescindindo total e



absolutamente do procedemento legalmente establecido, e que non é outro que o previsto pola Disposición Transitoria Cuarta da LOUGA, antes transcrita. Criterio coincidente co da APLU, segundo consta no requirimento de revisión de oficio, e que resumimos de seguido:

- *“...No momento da concesión da licenza urbanística municipal para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso, outorgada o día 01/10/2009, estaba vixente a LOUGA (coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, pola Lei 6/2007, do 11 de maio, pola Lei 3/2008, do 23 de maio, pola Lei 6/2008, do 19 de xuño e pola Lei 18/2008, do 29 de decembro), e a ordenación urbanística provisional do Concello de Viveiro, aprobada polo Decreto 102/2006, do 22 de xuño.*
- *O artigo 8 de Decreto 102/2006, do 22 de xuño, cuxa redacción non resultou afectada pola modificación do Decreto 89/2010, do 3 de xuño, vixente na data dos tres actos administrativos sobre os que se require a revisión, mantivo a clasificación como solo urbanizable non delimitado de uso industrial do ámbito do parque empresarial de Chavín, establecendo que as condicións para o seu desenvolvemento mediante o correspondente plan de sectorización son as recollidas na modificación puntual das normas subsidiarias aprobada definitivamente por Orde do 30 de xuño de 2005, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.*
- *No momento dos actos referidos non se atopaba aprobado o correspondente plan de sectorización, polo que resulta de aplicación o establecido no artigo 21.4 da LOUGA, cuxa redacción non se veu afectada polas modificacións operadas en dita lei. Este artigo sinala que no solo urbanizable non delimitado, como é o caso, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico en dita lei. Para o acordo de inicio de obras e ampliación da actividade, a mesma conclusión tamén se deriva, a maiores, da Disposición Adicional Segunda da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de modificación da LOUGA.*
- *En base ó esgrimido nos apartados anteriores, o réxime do solo aplicable ós terreos onde se realizaron as obras de ampliación da nave para ensamblaxe de aeroxeradores, no momento dos tres acordos de Xunta de Goberno Local era o réxime de solo rústico previsto nos artigos 31 a 44 da LOUGA.*
- *Según este réxime a construción ou instalación de establecementos de uso industrial é unha actividade prohibida en solo rústico.*
- *Por outra banda, a ampliación de construcións executadas en solo rústico ó abeiro de licenza urbanística e da preceptiva autorización autonómica, como é o caso da construción da planta orixinal para ensamblaxe de aeroxeradores (que conta con autorización autonómica para a construción dunha nave para ensamblaxe de aeroxeradores, outorgada por resolución do 04/06/1999, do delegado provincial de Lugo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, licenza urbanística para a execución das obras de construción da Xunta de Goberno do Concello de 27/04/2000 e licenza de actividade para ensamblaxe de aeroxeradores eólicos outorgada por Resolución da Alcaldía de data 19/01/2000), está sometida ó requisito da obtención da previa autorización autonómica segundo o establecido na disposición transitoria cuarta da LOUGA. Esta Disposición prevé un réxime especial para este tipo de ampliacións, previa autorización autonómica con arranxo ó establecido no artigo 41 e cumprindo os requisitos expostos na mesma.*
- *O Concello de Viveiro non seguiu a tramitación prevista na Disposición Transitoria Cuarta da LOUGA para a adopción dos acordos sobre os que se require a revisión, para o caso de que se*



cumprisen todos os requisitos esixidos pola mesma, autorización que en todo caso, se tramitaría seguindo o procedemento establecido no artigo 41 da LOUGA.

En base ó exposto, e de conformidade co disposto no artigo 62.1, letras e) e f) da LXPAC, que sinalan que son nulos de pleno dereito os actos das administracións públicas dictados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido, así como aqueles contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, a APLU considera os actos dictados polo Concello de Viveiro nas datas 01/10/2009, 30/06/2010 e 04/06/2013, nulos de pleno dereito, polo que formula requerimento para a súa revisión...”

vi. A respecto tamén resulta clara a doutrina do Consello Consultivo de Galicia

Ditame 846/2013 do 9 de xaneiro de 2014

“Quinta.-

Examinados os aspectos formais do procedemento previo ó presente trámite de ditame, correspondería agora pasar a considera-la posible concorrencia de causa de nulidade, motivadora do expediente que se instrúe ao amparo do Título VII, Capítulo I da Lei 30/1992. LXPAC, no tocante a determinar se pode dar lugar á revisión a que fai referencia o artigo 102 do texto legal. En particular a análise estará centrada na causa contida no artigo 62.1 no seu apartado f) referida ós actos expresos ou presuntos polos que se adquiren facultades ou dereitos coando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, á que se engade a causa contida no art. 62.1 no seu apartado e), referida aos actos, "... dictados prescindindo total y absolutamente del procedimiento establecido...", causa que se fundamenta na ausencia da preceptiva autorización da Administración autonómica para a concesión da licenza.

A este respecto convén facer previamente dous tipos de consideracións, expostas xa por este órgano consultivo (CCG 42/96) recollendo unha estendida e reiterada corrente xurisprudencial. A primeira é resaltar a interpretación extraordinariamente restritiva e para supostos taxados, que, no noso ordenamento xurídico posúe a nulidade de pleno dereito dos actos administrativos nos que a eficacia é intrínseca, inmediata, xeral, e de carácter imprescritible, carecendo estes ab initio de efectos xurídicos sen necesidade de previa impugnación en pro da orde pública xurídica que trata de protexer. A segunda, é que o acto nulo de pleno dereito non pode ser obxecto de validación xa que esta técnica está exclusivamente, como se sabe, referida ós actos anulables (artigo 67.1 da LXPAC).

Neste sentido, o tipo legal exposto no artigo 62.1 e), foi interpretado e desenvolvido pola doutrina e a xurisprudencia en relación coas vulneracións máis graves dos requisitos procedimentais e formais e coa utilización dun procedemento distinto ao legalmente establecido, posuíndo unha virtude invalidante moi reducida, segundo resulta do disposto no artigo 63.2 do propio texto legal. Refírese, pois, a actos afectados por un vicio de procedemento grave e a aqueles emitidos con esquecemento total do procedemento establecido que non hai que identificalo coa ausencia total de procedemento. O precepto legal exposto hai que referilo, polo tanto, á omisión de trámites esenciais integrantes dun procedemento determinado, pois calquera outra infracción de procedemento, aínda que sexa importante, non producirá este efecto tan radical, senón que soamente servirá para fundamentar en vía de recurso unha pretensión anulatoria.



Esta causa de nulidade ten a súa operatividade na determinación dos requisitos esenciais que se quebrantaron e que a xurisprudencia foi decantando paulatinamente, así a nulidade plena límitase aos supostos de "omisión global e flagrante do procedemento actuando a Administración pola vía de feito" (STS 16.03.1992), aos de "omisión parcial pero moi grave do devandito procedemento" (STS 15.10.1991), a prescindir "total e absolutamente" do procedemento establecido, etc.

...///...

Oitava.

En definitiva, como tivemos ocasión de analizar nas consideracións precedentes, existen causas suficientes para proceder á declaración de nulidade do acto da concesión da licenza, por canto do exame realizado do expediente, resulta que o mencionado acto dítase prescindindo total e absolutamente do procedemento e supón o recoñecemento de facultades carecendo dos requisitos esenciais para a súa adquisición, resultando polo tanto nulo de pleno dereito, falta esta reconducible pola vía da revisión de oficio do artigo 102 da LRXPAC, tal e como se contén na proposta de resolución que o antedito Concello somete a ditame”

vii. *Sobre oa nulidade de pleno dereito da da falta de autorización autonómica previa tense manifestado en moitas ocasións o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Así, invocamos:*

Sentenza do 18 de marzo de 2009, rec. 4708/2007

Fudamento xurídico Cuarto

“...La autorización autonómica prevista en el precepto citado no es una manifestación de la función de fiscalización o tutela atribuida a la Administración autonómica respecto a los municipios, sino el ejercicio de una competencia concurrente, relacionada con la existencia de interés general y la necesidad de ubicación en suelo rústico de determinadas obras e instalaciones (SSTS de 28-2-02, 17-11-98, 5-6-95 y 3-1-92). Por ello la ausencia de esa autorización es causa de nulidad radical, por la absoluta falta de uno de los dos procedimientos necesarios, como de forma clara ha declarado la Jurisprudencia: "La falta de autorización de la Comisión de Urbanismo es un vicio de procedimiento, a la luz de los preceptos que se invocan, o de falta de un presupuesto necesario de la licencia de obras, si se examina desde la perspectiva de esta última. En cualquier caso no puede admitirse la afirmación de que el vicio apreciado sea, como se sostiene en el razonamiento último del motivo, un vicio de mera anulabilidad. La omisión señalada se considera unánimemente por la jurisprudencia de este Tribunal como vicio de nulidad radical (sentencias de 4 de abril de 1999, 23 de noviembre de 1998 y 3 de junio de 1992 entre otras muchas)" (STS de 3-12-01). Por lo tanto las alegaciones de las partes demandadas sobre estas cuestiones no pueden ser aceptadas, y sí tienen que serlo las que realiza en su recurso de apelación la Administración actora sobre la naturaleza de la referida causa de nulidad.”

Sentenza do 10 de xuño de 2010, rec. 4483/2008

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

II. *En efecto, tal como se señala con toda claridad en la sentencia impugnada, es perfectamente posible la utilización por la Xunta de la vía revisoria del artículo 102 de la LRJPAC (LA LEY 3279/1992), con el*



cumplimiento del plazo establecido así en el artículo 179 de la ley del Suelo gallega de 1997, al tratarse sin duda de una infracción muy grave: autorizaciones en suelo rústico común y de parcelaciones en el mismo que están expresamente prohibidas en la citada ley (artículo 174. 3), con reservas de dispensación, del mismo modo absolutamente prohibidas (artículo 56. 2). Sobre la procedencia de la realización de un requerimiento de revisión como el litigioso esta Sala se pronunció en sentido positivo, entre otras, en las sentencias de fecha 19-10-06 que llevan los números 928, 929, 931, 933, 945, 948, 954, 955, 958 y 962 (estas sentencias están publicadas en el fondo jurisprudencial del Centro de Documentación Judicial con la identificación ROJ: STSJ GAL y los números, respectivamente, 5768/2006, 5815/2006, 5382/2006, 5759/2006, 5360/2006, 5808/2006, 5380/2006, 5760/2006, 5405/2006 y 5776/2006). Así, la primera de ellas dijo lo siguiente: "Tampoco puede acogerse la alegación de interposición extemporánea del recurso contencioso-administrativo en lo que se refiere a la licencia aunque en la sentencia exista el error de fechas que señala la parte apelante. Como antes se indicó, el recurso contencioso-administrativo impugna el rechazo de la solicitud de revisión de la licencia, solicitud que cualquier interesado puede formular a la Administración de acuerdo con lo previsto en el artículo 102 de la Ley 30/92 (LA LEY 3279/1992), y la Xunta de Galicia al Alcalde, según lo previsto en los artículos 180.2 y 179 de la Ley del Suelo de Galicia, en relación con las licencias que se otorgan, entre otros supuestos, con infracción del uso urbanístico del suelo rústico con especial protección. Esta solicitud nada tiene que ver con la facultad de suspensión de los efectos de una licencia atribuida a la autoridad autonómica por la Ley que fue objeto del recurso resuelto en la sentencia números 148/1991 del Tribunal Constitucional a la que se refiere la apelante. La declaración del Tribunal Constitucional que se transcribe en el recurso de apelación no puede aislarse del contexto en que se realiza, que es el enjuiciamiento de una norma autonómica con una previsión específica sobre revisión de licencias. La apelante considera que no existe otra vía para que la Administración autonómica pueda obtener la anulación de una licencia que la señalada en los artículos 65 y 66 de la LBRL. Con independencia de las específicas previsiones de la Ley del Suelo de Galicia, las sentencias del Tribunal Supremo que invoca no excluyen que la Administración autonómica pueda instar de la local la revisión de una licencia. Esas resoluciones lo que sí excluyen es que la Administración autonómica pueda impugnar una licencia en el plazo establecido para el ejercicio de la acción pública urbanística, no que pueda instar su revisión de la Administración autora de su otorgamiento. Incluso la STS de 25-9-02, cuyo fundamento tercero transcribe la Administración demandada, dice en él que el supuesto del artículo 187 de la TRLS 1976 (LA LEY 611/1976) -revisión por el ente local de sus propios actos- es distinto del que se enjuicia, y no se refiere a los previstos en el artículo 188, en relación con el 186, de la misma Ley, que constituyen el precedente del artículo 180.2 de la Ley del Suelo de Galicia, si bien éste suprime la subrogación en las facultades de la Administración local. No hay que olvidar que las previsiones del artículo 180.2 de la Ley del Suelo de Galicia se realizan en una materia en la que es la Administración autonómica la que tiene encomendada de forma inmediata y directa, según establece el apartado 1 del mismo precepto, la defensa de la legalidad urbanística.

III. *En definitiva el recurso se ha dirigido contra la desestimación presunta por silencio de una solicitud de revisión de oficio de unas licencias, y la reforma de la Ley 30/92 (LA LEY 3279/1992) por la Ley 4/99 en materia de silencio administrativo ha venido a derogar en la práctica lo que establece el artículo 46.1 de la Ley jurisdiccional sobre el plazo de interposición del recurso contencioso-administrativo, porque, como dice la STS de 23-1-04, la remisión que dicho precepto hace al acto presunto "no es susceptible de ser aplicada al silencio negativo, pues la regulación que del silencio negativo se hace en la LRJAP y PAC (LA LEY 3279/1992) lo configura como una ficción y no como un acto presunto". Asimismo la Jurisprudencia del Tribunal Supremo, siguiendo lo declarado por la del Tribunal Constitucional, ha equiparado la desestimación presunta a la notificación defectuosa (SSTS de 18-9-07, 30-5-07, 19-7-06, 21-3-06 y 4-4-05 y las SSTC que en ellas se citan), con la consecuencia de que el acto presunto no surte efecto hasta que se interpone el recurso precedente.*

IV. *Por último: En los motivos séptimo y décimo del recurso de apelación afirma la parte apelante que la concesión de las licencias litigiosas no es un acto nulo de pleno derecho y que es posible la legalización de la vivienda construida a su amparo. La concurrencia de la causa de nulidad aducida por la Administración actora -la del artículo 62.1.f) de la Ley 30/92 (LA LEY 3279/1992)- es evidente. La invocación de la posibilidad de legalización de las obras confunde lo que el acto administrativo con la realidad material de*



lo construído. Los actos nulos de pleno derecho no son convalidables, pues la declaración de esa nulidad los hace desaparecer del mundo del derecho (SSTS de 23-4-03 y 24-6-02). El planeamiento municipal vigente cuando se concedió la licencia litigiosa (NNS de 1994) de aplicación en el municipio clasificaba el suelo donde se proyectó la construcción de la edificación como no urbanizable común, equivalente al rústico común de la Ley 1/1997. Sobre este tipo de suelo, dicha Ley disponía en su artículo 77.1 que los terrenos así clasificados, en tanto mantuviesen ese carácter, sólo podrían ser destinados a usos característicos del medio rural, vinculados a la utilización racional de los recursos naturales. El número 6 de dicho precepto legal establecía además que el plan general podría permitir en dicho suelo la construcción de viviendas unifamiliares aisladas, si bien debía determinar las condiciones de aislamiento de las viviendas, la superficie mínima de las parcelas y la distancia mínima a lindes y vías públicas, así como, establecer los indicadores o límites a partir de los cuales no podrán autorizarse nuevas viviendas. En este sentido, el artículo 180 de las NNS del Ayuntamiento de Porto do Son, sólo permite en suelo no urbanizable común las viviendas unifamiliares "vinculadas a explotaciones agropecuarias". Esta vinculación no figuraba en el proyecto presentado para la concesión de las licencias en cuestión, por lo que tal concesión incurrió en la causa de nulidad antes indicada.

II. REQUISITOS PARA APRECIAR A CAUSA DA LETRA F) DO ARTIGO 62.1 DA LXPAC

i. O precepto resulta do seguinte teor literal:

“ Os actos expresos ou presuntos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición ”.

O precepto transcrito exige, ademais de que o acto sexa contrario ao ordenamento xurídico, é dicir, infrinxa gravemente, en maior ou menor medida, o ordenamento xurídico, que o particular destinatario do mesmo non reúna algunha das condicións ou requisitos que de modo ineludible deben de concorrer para a adquisición de tal dereito ou facultade que se lle recoñece, porque reúne os presupostos de feito previstos polas normas.

Daquela, para chegar a unha conclusión sobre a cuestión, resulta necesario determinar que debe entenderse por requisito esencial para a adquisición de facultades ou dereitos, e se no concreto caso obxecto de análise concorre ou non tal requisito, o que debe resultar con claridade do expediente tramitado.

ii. No campo da adquisición de facultades e dereitos de natureza urbanística, dos que a licenza é unha acto meramente declarativo, os presupostos habilitantes de tal adquisición veñen determinados polo cumprimento de todas e cada unha das obrigas e deberes urbanísticos impostos ao propietario do solo en función da clasificación do mesmo, de tal maneira que, como se ten acreditado neste caso, se o solo onde a ampliación se realiza está clasificado como urbanizable non delimitado de uso industrial sen Plan de sectorización aprobado, a Mercantil propietaria do mesmo non tiña adquiridas as facultades de edificarlo.

O dereito a edificar soamente se adquire unha vez que a parcela ten a condición de soar, no suposto de solo urbanizable non delimitado de uso industrial, a adquisición dese dereito exige o cumprimento dos seguintes requisitos ou condicións esenciais:

- *Aprobación definitiva do Plan de Sectorización.*
- *Aprobación definitiva do proxecto de equidistribución de beneficios e cargas entre os propietarios afectados.*
- *Cumprimento dos deberes e cesións urbanísticas obrigatorios.*
- *Aprobación e execución do proxecto de urbanización.*



iii. Se os terreos eran e siguen sendo urbanizables non delimitados, evidetemente ningún destes requisitos se poden ter por cumpridos e soamente acudido ao procedemento da Disposición Transitoria cuarta da LOUGA, e logo da autorización autonómicas previa, preceptiva e vinculante, podería válidamente concederse a licenza.

Así as cousas, consideramos que o acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de outubro de 2009, está incurso tamén na causa de nulidade do artigo 62.1.f) da LRXPAC

iv. Doutrina do Consello Consultivo de Galicia

Ditame 497/2013, do 3 de xullo de 2013

“Cuarta.-

A cuestión sometida a ditame, nos termos en que queda reflectida na proposta de resolución, refírese á revisión de oficio por suposta nulidade de pleno dereito da licenza de obra outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de Barreiros en data do 30.12.2009 para a construción dun edificio para vinte e catro vivendas, once vivendas adosadas e catro vivendas pareadas en San Bartolo á empresa Construcciones y Promociones J.

Neses termos acoutada a cuestión principal que suscita o expediente de nulidade examinado, a pretendida revisión de oficio fundaméntase, a xuízo do instrutor, no artigo 62.1, f) da Lei 30/1992 que establece que os actos das administracións públicas son nulos de pleno dereito no suposto en que sobre eles pretenda sustentarse a adquisición dun dereito por parte de persoas que carezan dos requisitos subxectivos necesarios para a súa adquisición.

Dun xeito máis específico, analizando a causa de nulidade do artigo 62.1, f) da LRXPAC, o Consejo de Estado ten sinalado que a súa su apreciación require, entre outras circunstancias, "que falten los presupuestos esenciales para su adquisición, es decir, los presupuestos inherentes a la estructura definitiva del acto. En particular procede subrayar que una interpretación amplia del supuesto del artículo 62.1.f) podría provocar, dada su potencial vis expansiva, una desnaturalización del régimen mismo de la invalidez de los actos administrativos", engadindo: "Como se infiere del tenor del artículo 62.1.f) la referencia en el mismo a requisitos esenciales no se identifica con los requisitos o elementos de los actos administrativos en cuanto tienen como propósito objetivar una función administrativa, sino que en el contexto en que se sitúa la causa de nulidad de pleno derecho ha de entenderse propiamente referido a los presupuestos inherentes" (ditame número 3305/2000, do 05.12.2000).

Neste sentido, como xa se manifestou noutros ditames (entre outros, o núm. CCG 136/99 e en consonancia co criterio seguido polo Consejo de Estado), os ditos requisitos esenciais non poden ser todos aqueles que a lei esixe senón tan só os que definen a estrutura mesma do acto administrativo, sen vir referidos noutros supostos de nulidade, como son a falta de capacidade do suxeito, a falta de obxecto, da causa ou do fin do acto administrativo.

Efectivamente a citada Resolución da Dirección Xeral de Urbanismo sinala no punto segundo: “De conformidade co establecido polo artigo 96.2º da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o presente acordo determina por si só a suspensión automática dos procedementos de outorgamento de licenzas de edificación, de parcelación e de demolición, e os procedementos de aprobación de instrumentos de planeamento e xestión urbanística, en todo o termo municipal de Barreiros, ata a entrada en vigor da ordenación provisional que resulte aprobada polo Consello da Xunta de Galicia”.



Deste xeito non transcorrera o prazo sinalado para a adquisición da licenza referenciada por silencio administrativo

Procede, por tanto, ditaminar favorablemente a proposta de resolución analizada, por considerar que a licenza de que se trata incorre nun vicio de nulidade de pleno dereito do art. 62.1, f) da LXPAC, pola carencia dun requisito esencial para a adquisición do dereito a que a referida licenza se refire”

Ditame 846/2013

Tendo en todo momento presente o carácter extraordinariamente restritivo dos supostos de nulidade, e analizando o caso formulado polo Concello de Fene, vemos en canto ó primeiro reproche que se dirixe ao acto, que o artigo 102 da LOUGA non permite o outorgamento dunha licenza provisional no solo urbano consolidado, agás que se trate dun terreo afectado a un sistema xeral aínda non executado, o que, indica a proposta, non é o presente caso, xa que a rúa Castro está considerada polo PXOM como unha dotación local.

En segundo lugar invoca que a obra atópase no ámbito de protección de varios bens catalogados, sen que se tramitara ningunha autorización sectorial.

Respecto deste segundo reproche resulta clara a nulidade da licenza urbanística concedida sen a autorización do órgano competente en materia de protección do patrimonio histórico, así STS do 09.07.1999 e 26.10.1999, e a de 14.02.2001 que considera nula a licenza municipal concedida en virtude dun acordo da Comisión territorial de Patrimonio Cultural que posteriormente foi anulado, indicando que a normativa de protección do Patrimonio histórico "impide el otorgamiento de la licencia para la realización de obras que conforme a lo previsto en la presente Ley requiera cualquier autorización administrativa hasta que esta haya sido concedida"; citando asemade abondosa xurisprudencia que fundamenta que "el otorgamiento de licencias se sujeta a una previa resolución favorable de la Administración competente para la protección de los bienes afectados".

Polo tanto evidentes razóns de seguridade xurídica esixen a eliminación do mundo xurídico deste acto, o que certamente ten encaixe na causa de nulidade prevista no art. 62.1, f) da LXPAC, pois, como quedou exposto, trátase dun acto contrario ó ordenamento xurídico polo que se adquiren facultades carecendo dun requisito esencial para a súa adquisición. A este respecto a conformidade da licenza coa normativa de protección do patrimonio histórico debe considerarse requisito esencial, como tamén resulta contrario ao ordenamento a concesión dunha licenza provisional en solo urbano consolidado, condición que reúne a rúa do Castro segundo resulta do PXOM tal e como invoca o Concello de Fene.

Ditame 849/2013 do 12 de marzo de 2014

“Cuarta.-

Pasando a analizar agora a posible concorrencia da causa de nulidade motivadora do expediente que se instrúe, temos que lembrar que este se ampara no artigo 102 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, posto en relación co artigo 62.1, f) da mesma Lei, que contempla a revisión dos actos “... expresos o presuntos contrarios al ordenamiento jurídico por los que se adquieren facultades o derechos cuando se carezca de los requisitos necesarios para su adquisición”.



En relación con esta causa, o Consejo de Estado ten establecido, entre outros, no seu ditame 1381/2001, unha doutrina seguida por este Consello Consultivo, na que se defende que “una interpretación amplia de los requisitos esenciales para su adquisición comportaría fácilmente una desnaturalización de las causas legales de invalidez, por cuanto la carencia de uno de ellos determinaría de modo automático la nulidad de pleno derecho, vaciando de contenido no pocos supuestos de simple anulabilidad. Esto representaría un grave peligro para la seguridad jurídica, dada la falta de plazo para proceder a la revisión de los actos nulos. Además, haría quebrar uno de los principios básicos del Derecho administrativo español, que reserva las nulidades de pleno derecho para las violaciones más graves del ordenamiento jurídico, incluyendo las restantes en la anulabilidad”. No propio ditame lémbrese a distinción entre «requisitos necesarios» e «requisitos esenciales», entendendo que «no todos los requisitos necesarios para la adquisición de una facultad o derecho merecen el calificativo de esenciales».

Na mesma liña sinala a sentenza do Tribunal Supremo do 6 de maio de 2009 (fundamento xurídico noveno), que “La expresión ‘requisitos esenciales’ no puede interpretarse en un sentido tan amplio que incluya dentro de ellos cualquier condición o exigencia necesaria para la validez del acto declarativo del derecho, pues si así se hiciera, se reconduciría a la categoría de nulidad radical todo supuesto de ilegalidad de esos actos, prescindiendo para ellos de la categoría de nulidad relativa o anulabilidad. La expresión, de modo congruente con el carácter restrictivo y estricto de la categoría de la nulidad radical, ha de reservarse para aquellos vicios de legalidad que consisten en la ausencia de los presupuestos de hecho que, en cada caso, deban concurrir necesariamente”.

...///...

Quinta

... Así as cousas, constatado o incumprimento do requisito esixido pola disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, referido á existencia da edificación con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, resulta claro que se carecía dun requisito esencial para a declaración da edificación como fóra de ordenación, polo que resulta de aplicación a causa de nulidade de pleno dereito recollida no artigo 62.1, f) da LXPAC, tal e como recolle a proposta de resolución sometida a ditame, polo que procede declarar a nulidade de pleno dereito de fóra de ordenación efectuada pola Xunta de Goberno do Concello de Pontearreas o 15 de novembro de 2010...”

v. A maior abastanza cabería plantearse a cuestión de se o acto de concesión da licenza urbanística de obra maior, de data 1 de Outubro de 2009, poidera incorrer na causa de nulidade da letra g) do artigo 62.1 da LXPAC, na medida en que, nesa data, o artigo 34.3 da LOUGA, establecía:

“3. Serán nulas de pleno dereito as autorizacións e licencias que se outorguen para usos prohibidos, así como as licencias municipais outorgadas para usos autorizables sen a previa e preceptiva autorización autonómica ou en contra das súas condicións”.

C.- SOBRE O RÉXIME DA REVISIÓN DE OFICIO DAS LICENZAS DE ACTIVIDADE.

i. Como xa vimos ao tratar da nulidade da licenza urbanística de obras, ao solo urbanizable non delimitado resultalle de aplicación o réxime de solo rústico ate que se aproba o correspondente Plan de Sectorización (artigo 21.4 da LOUGA).



ii. *A construción ou instalación de establecementos de uso industrial é unha actividade prohibida en solo rústico, en calquera da súa categorías, segundo o artigo 33 da LOUGA.*

iii. *Se a construción e instalación de establecemento de uso industrial está prohibida en solo rústico é claro que as licenzas para novas actividades industriais serán nulas de pleno dereito.*

iv. *En solo rústico solo se permite a ampliación de actividades industriais preexistentes que contén con licenza municipal e autorización autonómica previa, pero tal ampliación debe seguir imperativamente o procedemento establecido na Disposición Transitoria Cuarta da LOUGA. Procedemento que como sabemos exige a previa autorización autonómica da ampliación.*

v. *A LOUGA no seu artigo 196 establece o réxime de prelación de licenzas:*

Artigo 196. Praelación de licenzas e outros títulos administrativos

Redacción vixente na data de concesión da licenza de actividade:

“...2. Os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e ramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procedese denega-la primeira, notificaráselle así ó interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

En cambio, se procedese outorga-la licenza de actividade clasificada ou de apertura, o órgano municipal competente pasará a resolver sobre a licenza urbanística, notificándoselle oportinamente en forma unitaria ó interesado.

...///...

4. Non poderá concederse licenza sen que se acredite o otorgamiento da autorización da Comunidade Autónoma cando for procedente de acordo co disposto na presente Lei....”

Redacción vixente a día de hoxe

...///...

“2.Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da Administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendimento e da competitividade económica de Galicia.

...///...

4. Non poderá concederse licenza sen que se acredite o otorgamiento da autorización da Comunidade Autónoma cando for procedente de acordo co disposto na presente Lei.

5. Nos restantes supostos en que o ordenamiento xurídico esixa, para a execución de calquera actividade, autorización doutra administración pública en materia medioambiental ou de protección do patrimonio histórico-cultural, a licenza municipal urbanística só poderá solicitarse con posterioridade a que sexa outorgada a referida autorización”.



Como viamos anteriormente, o procedemento que debería terse seguido para a concesión da licenza urbanística de obra exige a previa autorización autonómica.

Doutra banda, a proposta de concesión da licenza de actividade era preferente en relación a concesión da licenza de obras, de forma que o Concello de Viveiro alterou esta orde de prelación. Sobre o particular son innumerables os pronunciamentos xurisprudencias no sentido de que, dados os distintos obxectos da licenzas de actividade e de obras, por ser diversos os bens xurídicos protexidos, a alteración da prelación non vicia de nulidade ás respectivas licenzas, de forma que concedida a licenza de obras, se logo non poidese concederse a de actividade tal eventualidade integraría un suposto de responsabilidade patrimonial, pero non de anulación.

O que fixo o Concello de Viveiro foi conceder licenza de obras e de actividades en que previamente se tivese autorizado pola Comunidade Autónoma, de forma que o vicio de nulidade de pleno dereito que se predicou da licenza urbanística de obra maior resulta predicable da licenza de actividade.

Considerando que o primeiro acto, dictado en data 01/10/2009 (de concesión da licenza urbanística municipal para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvos) incurre en nulidade polos motivos expostos, o acto dictado en data 04/06/2013 (de concesión da autorización municipal para a ampliación da licenza de actividade inicial), na medida en que está totalmente vinculado ó de licenza de obra do ano 2009, de tal forma que anulado aquel non pode manterse este.

Efectivamente, a vinculación do procedemento de concesión da licenza de actividade ao cumprimento da normativa urbanística é total e absoluto. Trátase de dous procedementos separados pero concurrentes de tal forma que a actividade no pode realizarse sen licenza de obras e a licenza de actividade non pode concederse senon está acreditado o cumprimento da normativa urbanística.

vi. Esta vinculación queda claramente establecida tanto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, como na Lei 6/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Decreto 133/2008:

“Artigo 8º.-Tramitación polo concello.

1. Unha vez recibida a solicitude e documentación anexa de acordo co disposto no artigo anterior, os servizos técnicos do concello emitirán un informe sobre compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais.

2. De resultar incompatible a actividade proposta cos instrumentos de planificación e ordenanzas municipais referidas, o concello poderá resolver a denegación da licenza por razóns de competencia municipal. Esta resolución poñerase en coñecemento do órgano competente en materia de ambiente da Comunidade Autónoma....”.

Lei 6/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación:



“Artículo 15. Informe urbanístico del Ayuntamiento

Previa solicitud del interesado, el Ayuntamiento en cuyo territorio se ubique la instalación deberá emitir el informe al que se refiere el artículo 12.1.b) de esta Ley en el plazo máximo de treinta días. En caso de no hacerlo, dicho informe se suplirá con una copia de la solicitud del mismo.

En todo caso, si el informe urbanístico regulado en este artículo fuera negativo, con independencia del momento en que se haya emitido, pero siempre que se haya recibido en la Comunidad Autónoma con anterioridad al otorgamiento de la autorización ambiental integrada, el órgano competente para otorgar dicha autorización dictará resolución motivada poniendo fin al procedimiento y archivará las actuaciones”

É dicir, se nos supostos de informes urbanísticos desfavorables non pode concederse licenza de actividade, se tal licenza se concederá debería nula de pleno dereito, con máis razón resultará nula de pleno dereito a licenza de actividade (acto de igual natureza declarativa que a licenza urbanística) cando se anula a licenza de obras que da soporte á construción instalación nas que se contén a actividade (artigo 64.1 da LXPAC)

vii. Así as cousas, entendemos que o acto administrativo de concesión da licenza de actividade resulta nulo de pleno dereito na medida en que o mesmo non pode independizarse do acto de concesión da licenza urbanística de obras, de conformidade con canto se establece polo artigo 64.1 da LXPAC.

viii. Finalmente, polo que respecta á licenza municipal d apertura, acto de mera comprobación vicario da licenza de actividade, de forma que anulada esta, aquela debe correr a mesma sorte, de conformidade con canto se establece polo artigo 64.1 da LXPAC. Agora ben dado que o presente procedemento revisor non ten por obxecto a licenza de apertura, non procede acordar nada respecto dela

D.- SOBRE A REVISIÓN DE OFICIO DA AUTORIZACIÓN DE COMEZO DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN.

Considerando que o de concesión da licenza urbanística municipal para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso incorre en nulidade de pleno dereito polos motivos antes expostos, o acto dictado o 30 de xuño de 2010, de autorización municipal para o inicio das obras, ao tratarse dun mero acto de comprobación de natureza non declarativa, e estar indisolublemente vinculado ao de concesión da licenza, debe seguir o mesmo destino deste e, xa que logo, anulada a licenza- acto declarativo que lle da soporte- debe ser anulado tamén o acto de autorización do comezo das obras – acto de mera comprobación de que o proxecto de execución de axusta ou non ao básico que serviu para outorgar a licenza, de conformidade con canto se establece polo artigo 64.1 da LXPAC.

QUINTA.- EN RELACIÓN AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS



i. Por D. FERNANDO AGUIRRE VIGO.

A revisión de oficio coa declaración que definitivamente corresponda, non empece que a as obras e as actividades sexan legalizables, segundo se fai constar no informe-requirimento da APLU, de forma que de acordarse a suspensión cautelar poderían ocasionarse prexuízos de imposible ou difícil reparación.

A suspensión unicamente é admisible nos supostos en que a execución do acto supostamente nulo, é dicir, mantemento dos seus efectos, poida causar prexuízos de tal natureza., requisito que estimamos non concorre neste suposto, e que si concorrerían no suposto de peche da actividade.

SEXTA.- SOBRE O PRAZO PARA RESOLVER E OS EFECTOS DAS RESOLUCIÓNS TARDÍAS.

Estamos diante dun procedemento de revisión de oficio a instancia de parte no que o prazo para resolver é de tres meses desde a contar desde o día seguinte ao da presentación da solicitude sendo os efectos da resolución tardía meramente procesuais, no sentido en que os solicitantes poden considerar desestimada a solicitude aos efectos de interpoñer os recursos correspondentes.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con fundamento en canto antece proponse ao Pleno do Concello de Viveiro a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Estimar a solicitude de revisión de oficio formuladas pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de data 22 de abril de 2014, número de rexistro do xeral de entrada 2.695 e de D. Fernando Aguirre Vigo de data 2 de maio de 2014 (nº de rexistro 3.037), declarando a nulidade dos seguintes actos administrativos:*

1. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2009, polo que se outorgou licenza de obra maior á mercantil VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para a ampliación da planta para ensamblaxe de aeroxeradores no lugar de Calvoso segundo o proxecto básico elaborado polo enxeñeiro industrial d. José Manuel Villar Esmorís.

2. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de xuño de 2010, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. para o inicio das obras de ampliación amparadas na licenza referida no parágrafo anterior.

3. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 04 xuño de 2013, mediante o que se autorizou a VESTAS NACELLES SPAIN S.A.U. a ampliación da licenza de actividade outorgada mediante resolución da alcaldía do 19 xaneiro de 2000, para ensamblaxe de aeroxerados no lugar de Calvoso, Chavín.

Segundo.- *Remitir a presente proposta de acordo xunto co expediente tramitado ao Consello Consultivo de Galicia ao de que emita o preceptivo Ditame.*

Lugo, 27 de febreiro de 2015.

O Instrutor. Manuel Castiñeira Castiñeira.”



Resultando que na referida proposta non se fai referencia ó disposto no artigo 66 da LXPAC, no que se estipula que o órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites que terían mantido igual o seu contido de non se ter cometido a infracción, enténdese que á proposta de resolución emitida polo instructor do procedemento cabería engadir, en virtude do referido artigo, un novo punto, ós efectos de conservar os actos e trámites anteriores ó vicio de nulidade, e polo tanto acordando conxuntamente coa declaración da nulidade dos referidos acordos, a retroacción das actuacións a dito momento.

Proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Asumir a proposta de resolución emitida polo instructor do procedemento.*

SEGUNDO.- *Dar traslado deste acordo e de todo o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de dictame preceptivo e previo á adopción do acordo de resolución do procedemento de revisión de oficio.*

TERCEIRO.- *Dispor a conservación dos actos e trámites anteriores ó vicio de nulidade, retrotraendo polo tanto as actuacións a dito momento procedimental.*

CUARTO.- *Notificar o presente acordo ós interesados, facéndolles saber que contra o mesmo non cabe a interposición de recurso algún por tratarse dun acto de trámite.*

QUINTO.- *Acordar a comunicación ós interesados da data efectiva de petición de informe ó Consello Consultivo de Galicia e a súa recepción, ós efectos do acordo de suspensión do prazo de resolución do presente procedemento durante dito período de tempo, adoptado polo pleno da Corporación en data 27 de novembro de 2014.*

En Viveiro, a 27 de abril de 2015.

A ALCALDESA

Asdo: María Loureiro García”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente por unanimidade pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente.

Non existindo debate algún sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- Asumir a proposta de resolución emitida polo instructor do procedemento.

SEGUNDO.- Dar traslado deste acordo e de todo o expediente ó Consello Consultivo de Galicia para a emisión de dictame preceptivo e previo á adopción do acordo de resolución do procedemento de revisión de oficio.

TERCEIRO.- Dispor a conservación dos actos e trámites anteriores ó vicio de nulidade, retrotraendo polo tanto as actuacións a dito momento procedimental.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ós interesados, facéndolles saber que contra o mesmo non cabe a interposición de recurso algún por tratarse dun acto de trámite.



QUINTO.- Acordar a comunicación ós interesados da data efectiva de petición de informe ó Consello Consultivo de Galicia e a súa recepción, ós efectos do acordo de suspensión do prazo de resolución do presente procedemento durante dito período de tempo, adoptado polo pleno da Corporación en data 27 de novembro de 2014.

7.- REGULAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIVEIRO.

Vista a proposta de Alcaldía de aprobación inicial do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente, por unanimidade, pola Comisión Informativa de Benestar Social.

Non existindo debate algún sobre este asunto procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a aprobación inicial do Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Viveiro.

Segundo.- Proceder, de acordo co disposto no artigo 49 da LBRL, á publicación de anuncio de información pública no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- As reclamacións e suxestións presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza. No suposto de non haber reclamacións ou suxestións as elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

Cuarto.- Unha vez, publicado o texto íntegro do presente regulamento, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

8.- CANON DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA DE ESPAZOS PÚBLICOS PARA O ANO 2015.

Vista a proposta da Alcaldía de acordar a aprobación do canon de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza de espazos públicos para o ano 2015, polo importe referido en dito acordo.

Visto que esta proposta conta con informe favorable do Departamento de Intervención.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente por unanimidade pola Comisión Informativa de Economía.



Non existindo debate algún sobre este asunto procédese á votación, acordándose, por unanimidade dos presentes, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a aprobación do canon de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza de espazos públicos para o ano 2015, polo importe referido en dito acordo.

9.- CANON DO SERVIZO DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO DE VIVEIRO PARA O ANO 2015.

Vista a proposta da Alcaldía de acordar a aprobación do canon do servizo de xestión do punto limpo de Viveiro para o ano 2015, polo importe referido en dito acordo.

Visto que esta proposta conta con informe favorable do Departamento de Intervención.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente por unanimidade pola Comisión Informativa de Economía.

Non existindo debate algún sobre este asunto procédese á votación, acordándose, por unanimidade dos presentes, a aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Acordar a aprobación do canon do servizo de xestión do punto limpo de Viveiro para o ano 2015, polo importe referido en dito acordo.

10.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NO ANO 2015 E MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR IMPORTE DE 489.897,59.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía cos votos favorables do P.S.O.E e a abstención do resto de grupos políticos, e procede a darlle a palabra á concelleira de facenda, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar.

Resultando que consta informe de intervención de reparo, a este punto, no que se sinala que se trata de gastos efectuados en anos anteriores con insuficiencia de consignación orzamentaria, incumprindo a normativa facendística, poñendo de manifesto, por este motivo, a disconformidade con reparo de legalidade suspensivo, derivado da aplicación do disposto no artigo 216.2 a) e c) do TRLRFL. Engádese, así mesmo, que, non obstante, pola doutrina do enriquecemento inxusto deben ser satisfetos os acreedores. O recoñecemento extrajudicial permite en sede administrativa recoñecer xurídicamente gastos que son inicialmente nulos, concluíndo que o órgano competente para aprobar o expediente de recoñecemento extrajudicial de crédito, levantando o reparo de legalidade, é o Pleno da Corporación, así como para aprobar a modificación de orzamento prorrogado en 2015, mediante suplemento de crédito polo importe de 489.897'59 € e as facturas, ás que se refire este expediente, unha vez sexa aprobada definitivamente a modificación, terán consignación.

Intervén D^a. Covadonga Viamonte Aguiar para dicir que se trata dun recoñecemento de facturas pendentes do exercizo 2014, tratándose a maioría de facturas que entraron no Concello no mes de decembro e outras no 2015, pero respecto a traballos realizados no 2014 e incluso algunhas no



2013. Apunta que a cuantía necesaria para o seu abono se vai quitar da partida dos intereses da débeda do Concello e que hai diñeiro suficiente en caixa para poder abonalas.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o seu grupo se vai abster, xa que entenden que as facturas hai que pagalas e por iso non se van opoñer. Engade que volve a ser máis do mesmo, o que deriva de que se traballe con orzamentos prorrogados, e dunha xestión económica que non comparte, pero entenden que os provedores deben cobrar polo que se van abster.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o seu grupo vai votar a favor, a pesar de que o seu grupo lle da un suspenso ó grupo municipal do P.S.O.E. en tema económico nestes anos, xa non houbo orzamentos para evitar que isto non pasase ou que pasase mínimamente. Engade que lle gusta falar as cousas á cara e non esconderse nos medios ou detrás dun micrófono, indicándolle ó grupo municipal do P.P. que mostran unha covardía política absoluta, e que agora falan dunha factura que supón unha mínima cuantía respecto á cuantía global do importe total do recoñecemento que se trae a aprobar. Apunta a que fan o mesmo que no seu día fixeran coa Alcaldesa, acusándoa de coller diñeiro dunha conta, o cal non era certo. Engade que vai ser claro porque non ten nada que esconder, e di que no 2011 os grupos do P.S.O.E. e B.N.G. chegaron a un acordo de goberno e que este Concello carecía de oficinas e mobiliario suficiente para que o equipo de goberno puidese atender ós cidadáns, polo que ámbalas dúas partes acordaron a creación dunhas oficinas de atención ó público, tres oficinas que foron amobladas, que se atopan na planta primeira. Sinala que esas oficinas na actualidade están ocupadas por concelleiros do P.S.O.E., e nun futuro serán ocupadas por outros concelleiros, e trátase de oficinas de nova creación, non se redecorou nada porque non existían. Apunta que se trata dunha pequenísima inversión en mobiliario, que se podería entrar en discusión sobre se os prezos foron elevados ou non. Continúa dicíndolle ó portavoz do grupo do P.P. que se os seus concelleiros non tivesen un lugar para recibir ós veciños onde o ían facer, porque recórdalle que él mesmo dixo que non sería nunha cafetería, e pídelle que mire os gastos en marisco que se realizaban polo grupo do P.P. cando gobernaba para obsequiar a Rato (hoxe imputado), e repróchalles que se aprobasen facturas da época de D. César Aja con albaráns onde se decía que se trataba de gastos para vivendas de persoas físicas e naquel momento votaron a favor porque dicían que as había que pagar. Engade que o Sr. Jaime de Olano dicía falaba nos medios de estafa polo que considera que se debeu equivocar coas preferentes, e di que non considera adecuado que fale de estafa un político que cobra case 6.000 euros ó mes por ir a Madrid a levantar a man, xa que xente ou políticos da súa clase sí son unha estafa á cidadanía, e conclúe que o seu grupo vai votar a favor porque non ten nada que esconder.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que o seu grupo vai votar a favor porque os provedores non teñen a culpa de como se faga a xestión, e a maioría refírense a facturas de luz, e algunhas do Resurrections Fest, un festival que todos apoian. Engade que o informe de intervención non pon reparo algún.

Intervén a Interventora Municipal, D. Rosa Abelleira Fernández, para aclarar que sí se pon un reparo, pero que pola teoría do enriquecemento inxusto hai que pagar, e que dito reparo se refire á parte referente á facenda local, non en materia contractual.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que é facía referencia a que non había reparos á tramitación.



Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lle quitou a palabra da boca o portavoz do B.N.G. e sinala que pagar coa visa do concello 7.000 euros por atencións protocolarias para marisco sí é un despilfarro, e recalca que non se trata de facturas de caixón, e repróchalle ó P.P. que as súas sexan de baúl, pois tratábase de dous millóns de euros sen recoñecer e sen contrato, e o seu compañeiro de Bulgaria ía ós xuízos dicindo que sí se fixeran, polo que lle di ó grupo do P.P. que non pode dar exemplo. Engade que os orzamentos de 2015 están feitos e cos informes favorables pero que non se levaron ó pleno porque non queren condicionar ó goberno que salga das eleccións, sinalando que se trata duns orzamentos que manteñen os servizos básicos.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil para dicir que o portavoz do B.N.G. para non ter nada que esconder, traer agora unha factura do 2012 parece mostrar que sí había algo que esconder, e considera que gastar naquel momento ese importe cando se podía pagar con ese diñeiro varios risgas, facturas da luz de varias familias, etc, non o considera axeitado. Pregúntase se o local estaba vacío, e di que se o estaba ó mellor non había que comprar o mobiliario e buscar noutro sitio, e respecto ó que está en Bulgaria di que xa respondeu por todos os actos dos que se lle acusa e quedou absolto, e engade que sempre se está a dicir algo que non vai coa súa persoa, porque él no o fixo, recalca. Dille ó portavoz do B.N.G. que quen gastou foi él e quen intenta xustificarse tanto ó mellor é porque non é moi xustificable o que fixo. Considera un dispendio o gasto que se fixo, e respecto ó seu compañeiro, o Sr. Jaime de Olano di que o votaron os cidadáns e que é un representante legal é válido, e que ó mellor o portavoz do B.N.G. non coñece as súas iniciativas, e dille que as mire. Engade que ó mellor non facía falta 3.000 euros e di que lle gustaría ver se o ten onde traballa.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo para dicir que o grupo do P.P. debe ter moito medo, e que o gasto está ahí, que ninguén levou o mobiliario para a casa, e respecto a se puido ser un gasto elevado ou non tratouse dun gasto na liña habitual de calidade. Dille ó grupo do P.P. que utiliza a demagogia, cando son o partido dos recortes en todo, e agora venden fume dicindo que un gasto mínimo respecto á cuantía total do recoñecemento foi un despilfarro.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias para dicir que se está discutindo por unhas melloras en mobiliario que non levou ninguén para a casa. Dille ó grupo do P.P. que se queren quita máis datos, bastantes máis escandalosos que eses 3000 euros. Dille ó portavoz do B.N.G. que se iso foi o peor que fixo mentres gobernou o fixo moi ben. Engade que no pleno non se está en campaña, que a campaña se debe facer fóra e pregúntase se o P.P. estará en desacordo con algunha factura máis.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que o Sr. César Aja Mariño saiu absolto pero recoñeceu que eran atencións protocolarias, 7.000 euros, o dobre do mobiliario do despacho. Engade que o despacho non estaba vacío, pero que como o que gobernaba pensou que o ía facer sempre toda a 1ª planta era Alcaldía, polo que non había despachos para concelleiros.

Non existindo máis debate procédese á votación acordándose, con 11 votos a favor, correspondentes ós grupos do P.S.O.E., B.N.G. e i.V.i, e 5 abstencións correspondentes ó grupo do P.P. a aprobación da proposta da Alcaldía de recoñecemento extraxudicial de crédito, do seguinte xeito:



Primeiro.- Resolver a discrepancia formulada pola Intervención Municipal, levantando o reparo formulado.

Segundo: A aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito polo importe total de 489.897,59 €, como indemnización substitutiva a favor dos terceiros interesados dos gastos ocasionados pola realización da prestación nos anos 2013 e 2014, segundo o detalle e aplicacións orzamentarias que figuran no Anexo I

Terceiro- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2015, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

AUMENTO DE CRÉDITOS:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
135	Protección civil	
	349,92 €	
22100	Enerxía eléctrica	349,92 €
150	Administración Xeral de Vivenda e urbanismo	
	4.592,38 €	
210	Infraestrutura e bens naturais	3.466,04 €
22100	Enerxía eléctrica	1.126,34 €
161	Abastecemento domiciliario de auga potable	
	3.807,65 €	
22100	Enerxía eléctrica	3.807,65 €
164	Cemiterios e servizos funerarios	
	405,36 €	
22100	Enerxía eléctrica	405,36 €
165	Alumeado público	
	54.455,98 €	
22100	Enerxía eléctrica	54.455,98 €
2310	Servicios Sociais	
	1.103,00 €	
22100	Enerxía eléctrica	1.103,00 €
2317	Centros socio-culturais municipais	
	441,39 €	
22100	Enerxía eléctrica	441,39 €
3231	Funcionamento de centros docentes de ens. primaria	
	3.106,05 €	
22100	Enerxía eléctrica	3.106,05 €
3232	Funcionamento da Gardería infantil	
	597,12 €	
22100	Enerxía eléctrica	597,12 €
3260	Conservatorio de Música	
	1.609,73 €	
22100	Enerxía eléctrica	1.609,73 €



3261	Centro Asociado UNED	582,43 €	
22100	Energía eléctrica		582,43 €
3262	Trasportes, axudas, bolsas para a educación	2.620,82 €	
223	Transportes		2.620,82 €
3300	Administración xeral de cultura	15.610,74 €	
212	Edificios e outras construcións		969,74 €
22609	Actividades culturais e deportivas		14.641,00 €
3380	Festas populares e festexos	345.089,26 €	
22100	Energía eléctrica		20.380,69 €
22602	Publicidad y propaganda		1.560,00 €
22609	Actividades culturais e deportivas		323.148,57 €
340	Administración Xeral de Deportes	32.586,91 €	
223	Transportes		10.274,00 €
22609	Actividades culturais e deportivas		22.312,91 €
342	Instalacións deportivas	1.069,65 €	
22100	Energía eléctrica		1.069,65 €
4312	Mercados, abastos e lonxas	1.018,15 €	
22100	Energía eléctrica		1.018,15 €
920	Administración Xeral	20.851,05 €	
22604	Xurídicos, contenciosos		17.776,61 €
625	Mobiliario e enseres		3.074,44 €
			489.897,59 €

BAIXA DE CRÉDITOS:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
011	Deuda Pública	
	486.628,90 €	
310	Xuros	131.902,43 €
913	Amortización de préstamos a l.p.	357.995,16 €
		489.897,59 €

Cuarto.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado



si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Quinto.- Proceder a tramitación do pago por orden, segundo o plan de disposición de pagos aprobado, das indemnizacións do ano 2013 e 2014 do Anexo I, unha vez sexa definitiva a modificación orzamentaria do vixente orzamento prorrogado polo importe de 489.897,59 €, con cargo as aplicacións orzamentarias que figuran na relación do punto segundo.

11.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO PRORROGADO DO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O ANO 2015, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra á concelleira de facenda.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía co voto favorable do grupo do P.S.O.E. e a abstención do resto de grupos.

Resultando que consta informe de intervención no que se sinala que non existe consignación orzamentaria para esta finalidade, sendo precisa a aprobación dunha modificación de crédito, vía suplemento de crédito.

Intervén a concelleira de facenda, D^a. Covadonga Viamonte Aguiar, para dicir que o Concello foi condenado a pagar unha sentenza da SGAE e, dende ese momento, fóranse pagando pequenas cousas da SGAE, e dende esa data lévanse negociando as cuantías. Engade que en febreiro se aprobou un convenio para reducir as tarifas un 25%, e dende o 1 de xaneiro de 2009 ata o 31 de decembro de 2014 reduciuse nun 25% a factura da SGAE. Apunta que o importe desta modificación ascende a case 71.000 euros.

Intervén en representación do grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil para dicir que con ese convenio estiveron a favor porque supón un aforro.

Intervén en representación do grupo municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o seu grupo está a favor.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que está a favor porque hai que pagala, pero en contra de que haxa obriga de pagar o que considera un imposto revolucionario.

Non existindo máis debate sobre este asunto procédese á votación acordándose, por unanimidade, a aprobación da proposta da Alcaldía do seguinte xeito.

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento prorrogado 2015, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

Aplicación	Descripción	Importe
------------	-------------	---------



Orzamentaria		
3300.22609	Administración Xeral de Cultura. Actividades culturais e deportivas.	71.000,00 €

Financiamento:

<u>Concepto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>
011.310	Débeda Pública. Xuros de préstamos.	71.000,00 €

SEGUNDO.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

12.- DACIÓN DE CONTA DE CORRESPONDENCIA OFICIAL.

Dase conta do escrito recibido da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, en relación a unha moción do pleno de 4 de decembro de 2014, na que se solicitaba a adopción de medidas de mellora da seguridade viaria na estrada LU-540 entre Muras e Viveiro, na que indican que en decembro se instalaron captafaros ó longo de toda a estrada e que en canto as condicións meteorolóxicas sexan óptimas se repintarán todas as marcas viais da estrada e se dotarán as liñas de borde da calzada de resaltos termoplásticos, supoñendo uns investimentos de 290.000 euros, no marco do contrato de conservación de estradas da zona Lugo-Norte, recentemente licitada.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

**A.- ROGO PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 23/03/2015
(Nº DE REXISTRO 2.042):**

No Pleno Ordinario de data 2 de outubro de 2014 adoptouse, por unanimidade, o seguinte acordo:

A creación dunha comisión de estudo para estudar as medidas de seguridade a aplicar e calquera outro tema que teña que ver coa seguridade vial, coa presenza da Policía Local e tráfico e a consulta á COTOP sobre medidas de seguridade nas beirarrúas.

Este acordo trae causa da Moción do Grupo Municipal do Partido Popular co obxecto de que se dotara de maior seguridade o tramo que vai desde a ponte da Misericordia ata a capela dado que por ese tramo de beirarrúa circula gran cantidade de veciños e moitos menores de idade.

Pasaron xa 6 meses desde a adopción do dito acordo e o goberno municipal non tivo a ben convocar á citada comisión e nin sequera elaborou un informe sobre a seguridade nas zonas escolares, tal e como tamén se lles solicitou e se lles reclamou en decembro.

Estamos, polo tanto, ante un novo incumprimento dun acordo plenario por parte do goberno socialista e, en consecuencia unha burla aos veciños de Viveiro e ao propio Pleno, pois de todos é sabido que estes acordos son de obrigado cumprimento para o Concello.



O Grupo Municipal do Partido Popular reitera a necesidade de adoptar cantas medidas sexan necesarias para garantir a seguridade dos viandantes e máxime agora que este tramo ten dobre sentido de circulación e, polo tanto, é previsible unha maior densidade de tráfico de vehículos.

Polo exposto, ROGAMOS á Sra. Alcaldesa que cumpra co seu deber e que proceda a dar cumprimento dunha vez por todas ao acordo do Pleno do Concello de Viveiro e recabe de maneira urxente o informe da Policía Local que se lle demandara.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que unha burla é que veña o Presidente da Xunta a un acto de campaña e que anuncie un proxecto para o concello de Cervo e que a Viveiro nin o mencione. Di que a policía elaborou un informe e que se está esperando para facer unha reunión conxunta e informe a COTOP.

B.- ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. EN DATA 06/04/2015 (Nº DE REXISTRO 2.321):

1º) Facéndonos eco das demandas de varios condutores, principalmente dos barrios de San Lázaro e Pénjamo, que piden a colocación dun espello de seguridade vial ao lado da estación de servizo “Buenavista”, para mellorar a capacidade de visión ao incorporarse á estrada principal. Por este motivo lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa a colocación do mencionado espello no lugar antes indicado ao obxecto de mellorar a seguridade vial, facilitando a mellora na visibilidade para a incorporación dos condutores nesta zona.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que se estudará o caso.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:10 horas do día 7 de maio de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.